# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE FRAUTA TRAVESA

**PROF: SABELA GALBÁN RODRÍGUEZ**

## INTRODUCIÓN

A seguinte programación está deseñada para os catro cursos que compoñen o grao elemental de frauta e o Grao Profesional adaptándose ao currículo vixente da Comunidade Autónoma de Galicia en obxectivos e contidos.

O obxectivo último dun Conservatorio Profesional é formar futuros profesionais da música; unha canteira para o último eslabón da educación musical que son os conservatorios superiores. Xa que non todo o alumnado se dedicará profesionalmente á música, o fin da docencia musical será proporcionar unha ensinanza de calidade de xeito que o alumnado aprecie e valore esta arte, ademais de valores tales como a convivencia, tolerancia, respecto... e incluso a sensibilidade ( xa que a música implica sentimentos) e se convirta no futuro público para os concertos de música; un público máis interesado, entendido e aberto.

As clases de instrumento foron deseñadas para que, baixo unha atención individual do alumnado, os principios dunha educación aberta e flexible, así como a educación en valores, sexan a tónica dominante. Neste senso, a clase de instrumento estará máis compaxinada coas outras materias programadas para o curso, sendo incluso un lugar de reforzo e repaso de asignaturas tales como linguaxe musical, harmonía, análise e historia da música.

En xeral, as ensinanzas de instrumentos implican o traballo e estudo paralelo de dous aspectos de suma importancia e que serán moi relevantes na estrutura desta programación. O primeiro é a técnica instrumental, unhas destrezas que pouco a pouco o alumnado irá adquirindo e que representa un "sine qua non" do segundo aspecto que é a interpretación. A técnica traballarase a diario, a través de exercicios e estudos editados nos libros citados nas

referencias materiais ou propostos na clase. A interpretación traballarase ao mesmo tempo ca os estudos e/ou incluso exercicios e máis profundamente nas obras e nos ensaios e audicións, con acompañamento de piano nos casos precisos.

## PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A presente programación así como a súa aplicación **caracterízase** (e ten como **obxectivos)** por:

- A estreita relación entre os contidos programados e a súa dimensión práctica: son contidos significativos para o alumno, útiles e cercanos.
- O desenvolvemento da mente, fomentando o espírito crítico, a capacidade de discursión e o contraste de opinións, de maneira que a metodoloxía a utilizar sexa:

**1. Activa**: que asegure a participación do alumnado no proceso de ensinanza/aprendizaxe, baseando o seu avance na búsqueda de coñecementos.

**2. Flexible**.

**3. Personalizada**: que se adecúe ás capacidades intelectuais, físicas e ao ritmo evolutivo de cada alumno/a, que atenda á pluralidade de necesidades e intereses.

**4.Autónoma e participativa**: que favoreza a capacidade de aprender por si mesmas e de realizar actividades en grupo. Fará fincapé en "aprender a aprender" como aspecto imprescindible para os estudos musicais nos que a individualidade e soidade converten o estudo en algo tedioso.

5. Favorecerá unha aprendizaxe **significativa e interdisciplinar**, non en bloques estancos.

6. **Atenderá á diversidade** de motivacións, capacidades e intereses do alumnado.

7. A aprendizaxe e a convivencia do alumnado estará sempre nun marco de tolerancia e respecto. A educación en valores será o tema transversal máis importante.

8**. Fomentará** a participación da comunidade educativa no proceso de ensinanza/aprendizaxe.

9. Fomentará a **autonomía crecente** do alumnado.

10. Primará a idea de que o feito de tocar en público é un acto de xenerosidade, é compartir e non competir con alguén, é comunicar e non impoñer, é unha linguaxe e non unha demostración de facultades.

Para a superación de dificultades e búsqueda de solucións, aplicará maioritariamente o método científico do seguinte xeito:

-Percíbese unha dificultade.
-Identifícase e defínese a dificultade.
-Dedúcense as consecuencias da hipótese.
-Verifícase a hipótese mediante a acción.

# CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

## Avaliación do alumnado.

1. Na avaliación do alumnado considerarase a consecución dos obxectivos e as destrezas programadas para o curso. Ademais da consecución duns mínimos por curso que se expoñen máis adiante, terase en conta o esforzo, interese e participación nas actividades que organiza o departamento, tales como audicións, traballo realizado co/coa pianista acompañante, cursos, etc.

2. Son instrumentos de avaliación cada unha das clases individuais de instrumento, as audicións do departamento e calquera outra actividade organizada polo centro que implique a aula de frauta. Tal e como unha nai ou pai avalía a saúde ou comportamentos dun fillo a diario, a titora amosa interese polo progreso do alumnado e toma conta dos seus avances, problemas ou desintereses a diario.

3. Ao longo do curso hai tres avaliacións conxuntas do equipo de profesores do alumnado. A finalidade é a reflexión sobre a evolución para a posterior información á mesma e/ou á familia.

4. Está implicado na avaliación (ademais da profesora e a propia alumna/o) o resto do equipo de profesorado do titorando e a pianista acompañante.

## Criterios de avaliación.

*Ver penúltimo apartado das especificacións de cada curso.*

## Mínimos esixibles.

*Ver último apartado nas especificacións de cada curso.*

## AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A programación está sometida a unha continua revisión, sobre todo nos momentos de avaliación trimestral e nas reunións de departamento. A pesares da flexibilidade coa que foi pensada a presente programación, depende da posta en práctica e dos resultados as futuras modificacións.

O mesmo sucede coas programacións individuais e unidades didácticas diarias do estudantado, que mutan segundo as necesidades ou os resultados obtidos da aplicación destas. A filosofía de que a alumna “crea” a clase e a mestra é unha “guía” implica unha enorme dificultade, responsabilidade e flexibilidade na aplicación da programación e unidades didácticas pero é obvio que ademais de asumir e adicar esforzo aos temas e dificultades que van xurdindo, o alumnado segundo vai subindo cursos precisa unha autonomía maior.

A memoria de fin de curso é o lugar onde se refliten os resultados da reflexión da aplicación da programación aos alumnos existentes, logo de ser discutida no departamento e entre os profesores que imparten unha mesma especialidade. As posibles modificacións da programación serán entón elaboradas no seguinte curso académico.

## GRAO ELEMENTAL

Os catro cursos que compoñen o grao elemental configuran unha etapa de suma importancia para o desenvolvemento da futura instrumentista xa que neste período deben quedar sentadas as bases da técnica do instrumento e duns conceptos musicais que cristalicen nunha auténtica conciencia de intérprete.

O contacto coa música por parte da estudante comeza moito antes que os seus estudos especializados, proporcionándolle un coñecemento intuitivo da linguaxe. No grao elemental iníciase no sistema de signos propio da música e ensínaselle a tomar parte activa a través do instrumento elixido. As formulacións pedagóxicas neste período adaptaranse á realidade cambiante da alumna favorecendo o desenvolvemento das súas dotes innatas, á maduración da súa afectividade e ao exercicio da súa crecente capacidade de abstracción.

Nestes catro cursos do grao elemental o alumnado cursa unha asignatura colectiva de frauta que aporta o compoñente social e a actividade de tocar en grupo, que dende cedo é preciso se afagan. Deste xeito os tres pilares de escoitar música, practicar o instrumento e tocar para outras, apréndenos de iguais, é dicir, das mesmas compañeiras nunha forma de retroalimentación moi beneficiosa.

### Obxectivos xerais.

O ensino de instrumentos de vento madeira no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre as dúas mans.

Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articuación e flexibilidade do son.

Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para correxir de maneira automática a afinación das notas e a calidade do son.

Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.

Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente de afinación e o perfeccionamiento continuo da calidade sonora.

Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación musical.

Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

**Contidos xerais.**

Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

Fortalecemento dos músculos faciais.

Exercicios de respiración sen e con instrumento.

Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.

Práctica de escalas e intervalos controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.

Emisión do son en relación coas diversas dinámicas e alturas. Desenvolvemento da flexibilidade.

Práctica de conxunto para desenvolver a afinación, a adaptabilidade e a precisión rítmica.

Adestramento permanente e progresivo da memoria.

Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

Lectura a primera vista de fragmentos ou obras sinxelas.

Iniciación á comprensión das estruturas musicais.

Selección de exercicios, estudos e obras axeitadas ao curso que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica.

# 1º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

**Obxectivos:**

Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre as dúas mans.

Controlar o aire usando o diafragma e os músculos intercostais eficazmente no proceso respiración-emisión.

Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas dacordo coas esixencias do nivel.

Emitir un son estable na tesitura empregada no curso.

Interpretación de pezas dentro do nivel.

Desenvolver a creatividade.

Desenvolvemento da imaxinación.

Desenvolvemento da motivación cara a música en xeral e a frauta en particuar.

**Contidos:**

Coñecemento do instrumento, montaxe e mantemento.

Aprendizaxe da correcta colocación tanto do instrumento como dos elementos físicos (corpo) que o suxeitan.

Exercicios de respiración con e sen instrumento, notas longas controlando a afinación, a calidade do son e a dosificación do aire, buscando un desenvolvemento harmónico da capacidade respiratoria.

Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.

Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

Emisión dun son estable desde o do1 ata o mi3 (incluíndo as notas cromatizadas).

Interpretación de pezas sinxelas.

Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces incluíndo o de solfexo da obra a estudar antes de practicala.

Comprensión de estruturas musicais básicas (pregunta-resposta, repetición, variación).

Coñecemento básico dos principios acústicos da frauta.

**Metodoloxía:**

| **Estudos:** | **Obras:** |
|---|---|
| **Escuela de la flauta vol.1** - Marcial Picó.Ed. Orquesta de flautas de Madrid.<br><br>**Escuchar, leer y tocar 1.** Matthijs Broers y Jaap Kastelein. Ed. De Haske.<br><br>**Iniciación a la flauta, vol 1.** Trevor Wye.<br><br>**Aprende tocando la flauta.** Peter Wastall.<br><br>Outros de similar dificultade. | La **Flute Classique**. Vol.1 .Rene le Roy et Henry Classens.<br><br>**Piezas Clásicas Célebres**. Autores diversos.<br><br>**Abracadabra Flute.** Malcolm Polloc. A&C Black London<br><br>Outras de similar dificultade. |

**Criterios de avaliación**:

Demostrar nos estudos, exercicios e obras a asimilación e unha crecente capacidade de aprendizaxe individual.

Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articuación e fraseos adecuados ao seu contido.

Desenvolvemento da memoria musical e o poder de comparación e análise de elementos musicais básicos.

**Mínimos esixibles segundo a metodoloxía:**

1-10 leccións do libro de Peter Wastall, ou ata a lección 32 do libro de Iniciación de Trevor Wye, ou ata a peza 41 do libro Escuela de la Flauta de Marcial Picó, ou o libro Il Gardellino 1 enteiro.

Tocar escalas ata dúas alteracións.

Unha obra de La Flûte Classique' ou de Piezas clásicas célebres.

**Mínimos esixibles segundo capacidades:**

Adoptar unha correcta posición corporal con e sen o instrumento (espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans).

Coñecer e aplicar a respiración diafragmática. Obter un son minimamente estable cunha correcta embocadura nas dúas primeiras oitavas da frauta e entender e tocar as tonalidades de do maior, la menor, fa maior, re menor, sol maior e mi menor.

Mostrar certa capacidade de escoita, concentración e sensibilidade auditiva.

Coñecer e aplicar as principais articulacións: picado e ligado.

Amosar a través da interpretación un pulso (ritmo) interno.

**TEMPORALIZACIÓN**

**<u>1ª AVALIACIÓN</u>**

Coñecemento do instrumento, montaxe e mantemento.

Aprendizaxe da correcta colocación tanto do instrumento como dos elementos físicos (corpo) que o suxeitan.

Exercicios de respiración con e sen instrumento, notas longas controlando a afinación, a calidade do son e a dosificación do aire, promovendo un desenvolvemento harmónico da capacidade respiratoria.

Emisión dun son estable dende o mi ata o si. Interpretación exercicios sinxelos.

## 2ª AVALIACIÓN

Repaso dos contidos do trimestre anterior.

Exercicios de respiración con e sen instrumento, notas longas controlando a afinación, a calidade do son e a dosificación do aire, promovendo un desenvolvemento harmónico da capacidade respiratoria.

Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.

Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

Emisión dun son estable nunha oitava e media. Interpretación de estudos e pezas sinxelas.

## 3ª AVALIACIÓN

Exercicios de respiración con e sen instrumento, notas longas controlando a afinación, a calidade do son e a dosificación do aire, promovendo un desenvolvemento harmónico da capacidade respiratoria.

Repaso dos contidos das avaliacións anteriores.

Emisión dun son estable desde o do1 ata o mi3 (incluíndo as notas cromatizadas). Interpretación de pezas sinxelas.

Adquisición de hábitos de estudio correctos e eficaces incluíndo o de solfexo da obra a estudar antes de practicala. Comprensión de estruturas musicais básicas (pregunta-resposta, repetición, variación).

Coñecemento básico dos principios acústicos da frauta.

# 2º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

**Obxectivos**:

Desenvolvemento e perfeccionamento dos fundamentos traballados no curso anterior.

Adoptar unha posición corporal axeitada e correcta posición das mans.

Conseguir unha sonoridade clara de do1 a sol3.

Desenvolver e perfeccionar a respiración diafragmática.

Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e a mellora continua da calidade sonora.

Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das exixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

**Contidos:**

Emisión dun son estable desde o do1 ata ao sol3.

Control da correcta postura do corpo como premisa indispensablepara a emisión dun óptimo son e para evitar futuras lesións ou molestias.

Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

Práctica de escalas ata 3 alteracións e intervalos controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.

Desenvolvemento da afinación, o axuste e a precisión rítmica.

Desenvolvemento do picado simple para unha maior rapidez e igualdade. Traballo da columna de aire para lograr un ligado máis afinadoe claro. Prácticado *detaché* longoe curto.

Traballo das dinámicas forte e piano así como reguladores do *crescendo* e *decrecendo*.

Práctica de melodías populares galegas e pezas barrocas sinxelas.

Adestramentoprogresivodamemoria.

Traballo cos harmónicos e whistle tones para favorecer a flexibilidade da embocadura.

**Metodoloxía:**

| **Estudios:** | **Obras:** |
|---|---|
| **Teoría y práctica de la flauta.** volumen 1 sonido T.Wye (Ed. Mundimúsica)<br>**B.Kovacs.** Volumen 1 (de la 14 a la 33)<br>**Iniciación a la flauta, vol.II.** Trevor Wye (Ed. Mundimúsica)<br>**Aprende tocando la flauta.** Peter Wastall.<br><br>Outros de similar dificultade. | **Melodías paisanas.** Harmonización de Paulino Pereir (Ed. Baía edicións)<br>**La flûte Clasique .** Vol 2. Rene le Roy (Ed. Henry Classens)<br>**Piezas clásicas célebres.** Autores diversos.<br><br>Outras de similar dificultade. |

**Criterios de avaliación:**

Demostrar nos estudos, exercicios e obras asimilación e unha crecente capacidade de aprendizaxe individual.

Interpretación de melodías sinxelas respectando as características de estilo que correspondan.

Interpretación de textos musicais de memoria e coa medida, afinación, articulación e fraseo de acordo ao contido e nivel do curso.

**Mínimos esixibles segundo a metodoloxía:**

Práctica do libro Escuela de la Flauta ata a peza número 46, ou do libro de Trevor Wye ata a peza 69.

Interpretación de dúas obras de calquera dos libros que aparecen no apartado “metodoloxía”.

**Mínimos esixibles segundo capacidades:**

Adoptar unha correcta posición corporal con e sen o instrumento (espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans).

Comprender e controlar a espiración formando a columna de aire.

Entender e interiorizar o fraseo de tal xeito de que as respiracións non se realicen cando o alumno quere ou precisa. Ao mesmo tempo controlar a respiración e espiración para non ter a necesidade de respirar tan a miúdo.

Usar as articulacións: picado e ligado.

Coñecer e aplicar as dinámicas forte e piano así como *crescendo* e *diminuendo*.

Dominar as escalas e arpexios ata dúas alteracións (isto mostrarase elixindo pezas coas tonalidades que posúen esas alteracións.)

Mostrar un son estable ata o mi da terceira oitava.

Amosar a través da interpretación un pulso (ritmo) interno.

Comprender os tempos de silencio como parte do feito musical.

## TEMPORALIZACIÓN

### 1ª AVALIACIÓN

Emisión dun son estable desde o do1 ata ao sol3. Repaso dos contidos do curso anterior con especial énfase na respiración.

Control da correcta postura do corpo como premisa indispensable para a emisión dun óptimo son e para evitar futuras lesións ou molestias. Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

Práctica de escalas ata 3 alteracións e intervalos controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.

Desenvolvemento da afinación, o axuste e a precisión rítmica.

### 2ª AVALIACIÓN

Desenvolvemento do picado simple para unha maior lixeireza e igualdade.

Traballo da columna de aire para lograr un ligado máis afinado e claro. Prácticado *detaché* longo e curto.

Traballo das dinámicas forte e piano así como reguladores *crescendo* e *decrescendo*.

Interpretación de pezas sinxelas.

**3ª AVALIACIÓN**

Práctica de melodías populares galegas e pezas sinxelas.

Adestramento progresivo da memoria.

Traballo cos harmónicos e whistle tones para favorecer a flexibilidade da embocadura.

## 3º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

**Obxectivos:**

Desenvolver e perfeccionar os coñecementos e habilidades adquiridas nos cursos anteriores.

Adoptar unha posición corporal axeitada e unha correcta colocación das mans.

Conseguir unha sonoridade clara nas dúas primeiras oitavas.

Consolidar a respiración diafragmática.

Desenvolver as capacidades auditivas e rítmicas que permitan interpretar estudos e obras co ritmo, articulación e fraseo axeitados.

Conseguir un certo control sobre as diferentes dinámicas.

Desenvolver a capacidade de autocorrección no estudo individual. Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para correxir de forma automática a calidade do son.

**Contidos:**

Control da correcta postura do corpo como premisa indispensable para a emisión dun óptimo son e para evitar futuras lesións ou molestias musculares.

Control da respiración diafragmática e perfeccionamento da toma do aire e da expiración lenta pero coa necesaria velocidade en relación ao rexistro, dinámica e fraseo.

Uso dos reflexos necesarios para correxir a afinación e a calidade do son.

Interpretación dun repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

Emisión dun son estable con control dinámico dende piano a fortísimo nas dúas primeiras oitavas e dun forte tranquilo na terceira oitava.

Perfeccionamento do picado simple e aumento da velocidade e axilidade do mesmo.

Traballo da agóxica: coñecemento dos acentos, tenutos, etc. que aparecen nas obras e estudos do nivel.

Traballo de coordinación dos dedos dende unha óptima postura das mans .

Identificación das estructuras musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, periodos, frases, seccións...) para unha interpretación cada vez máis consciente.

Lectura a 1ª vista de fragmentos ou obras sinxelas realizando unha pequena análise melódica do fraseo.

Adestramento permanente e progresivo da memoria.

**Metodoloxía:**

| **Estudos:** | **Obras:** |
|---|---|
| **Teoría e práctica da frauta volumen 1**, son T.Wye Ed. Mundimúsica.<br><br>**Etudes mignones op.131**. Gariboldi.<br>**24 pequeños estudios melódicos.** M. Moyse.<br><br>**Selección de estudios vol.1** - Bantai Kovacs Ed. Música Budapest<br>Wastall.<br>**BANTAI-KOVACS**. Volumen 1( de la 34 a la 74).<br><br>Outros de similar dificultade. | **Berceuse** - G.Fauré Ed. Música Budapest<br><br>**Piezas clásicas célebres, vol. 2.** Autores diversos.<br><br>**Tres Gavottes.** Lully, Martini e Gossec Ed. E.M.B.<br><br>**Flute music for Begginers.** Ed. Musica Budapest<br><br>Outras de similar dificultade. |

**Criterios de avaliación:**

Demostrar nos estudos, exercicios e obras asimilación e unha crecente capacidade de aprendizaxe individual.

Interpretación de textos musicais de memoria e coa medida, afinación, articulación e fraseo de acordo aos contidos de nivel do curso.

Audicións trimestrais.

**Mínimos esixibles segundo a metodoloxía:**

Interpretación de oito estudos dos que aparecen no apartado "Metodoloxía".

Interpretación de dúas obras das que aparecen no anterior apartado.

**Mínimos esixibles segundo capacidades:**

Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento.

Soprar de forma continuada de xeito que a columna de aire sexa estable.

Inspirar de forma diafragmática, eficaz e silenciosamente.

Usar as articulacións picado, ligado, *detaché* longo e curto.

Emitir o son de forma nítida con embocadura relaxada.

Dominar as escalas ata tres alteracións e a escala cromática.

Conseguir un son estable e relativamente afinado en diferentes alturas (re grave ata sol da 3º oitava) e dinámicas (mp e f).

Identifica las estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, periodos, frases, seccións…), para unha interpretación cada vez máis consciente.

Manter a atención nos periodos de silencio e comprensión deste como parte do feito musical.

**TEMPORALIZACIÓN**

**<u>1ª AVALIACIÓN</u>**

Control da correcta postura do corpo como premisa indispensable para a emisión dun óptimo son e para evitar futuras lesións ou molestias musculares.

Control da respiración diafragmática e perfeccionamento da toma do aire e da expiración lenta pero coa necesaria velocidade en relación ao rexistro, dinámica e fraseo.

Uso dos reflexos necesarios para correxir a afinación e a calidade do son. Traballo de coordinación dos dedos dende unha óptima postura das mans. Interpretación de pezas axeitadas ao nivel.

**2ª AVALIACIÓN**

Emisión dun son estable con control dinámico dende piano a fortísimo nas dúas primeiras oitavas e dun forte tranquilo na terceira oitava.

Perfeccionamento do picado simple e aumento da velocidade e axilidade do mesmo. Traballo da agóxica: coñecemento dos acentos, tenutos, etc. que aparecen nas obras e estudos do nivel.

Traballo de coordinación dos dedos dende unha óptima postura das mans. Interpretación de pezas axeitadas ao nivel.

**3ª AVALIACIÓN**

Identificación das estructuras musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, periodos, frases, seccións...) para unha interpretación cada vez mais consciente.

Lectura a 1ª vista de fragmentos ou obras sinxelas realizando unha pequena análise melódica do fraseo.

Adestramento permanente e progresivo da memoria.

Interpretación de obras de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

Interpretación de pezas e estudos segundo a evolución do alumno.

## 4º CURSO DO GRAO ELEMENTAL

**Obxectivos:**

Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento, comezando a empregar o vibrato e os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación musical.

Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.

Amosar entendemento e práctica de adornos sinxelos: trinos e grupetos.

Desenvolver flexibilidade nos saltos, intervalos e articulacións.

Consolidación dunha posta en escena natural con dominio da situación e resultados musicais satisfactorios.

**Contidos:**

Interpretación dun repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

Consolidación dos aspectos traballados en cursos anteriores.

Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

Control da correcta posición corporal co instrumento (espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans).

Control dunha correcta inspiración diafragmática e expiración.

Estudo dos trinos e grupetos.

Memorización e interpretación de textos musicais.

Traballo de escalas e arpexios ata cinco alteracións. Traballo da escala cromática en todo o rexistro da frauta.

Comprensión e identificación de estruturas musicais en distintos niveis: motivos, temas, períodos, frases, seccións... para chegar a través disto a unha interpretación consciente ademais de intuitiva.

Iniciación á práctica e aplicación do vibrato. Introdución aos cambios de cor do son.

Traballo de autonomía na búsqueda de solucións a cuestións relacionadas coa interpretación.

Exercicios, estudos e obras que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade técnica e musical do alumnado.

**Metodoloxía:**

| **Estudos:** | **Obras:** |
|---|---|
| **Teoría y práctica de la flauta vol. 1: son e vol. 5: escalas**..................T.Wye<br><br>**Ejercicios diarios** ( números 1 y 2) Reichert<br><br>**Selección de estudios vol. 2** Bantai-Kovacs<br><br>**12 estudios Op. 33 no. 1** E. Kohler<br><br>Outros de similar dificultade. | **Sonata (a elegir)** G.F.Haendel<br><br>**Sonata en SolM** B.Marcello<br><br>**Andante en DoM para frauta e orquesta** K315 W.A.Mozart<br><br>**Sonata en FaM** G.Donizetti<br><br>**Siciliana** G.Fauré<br><br>**Le petit chevrier corse** H.Tomasi<br><br>S**onatina .**Jardanyi<br><br>**3 Miniaturas**. Sinisalo<br><br>**The children are playing** C. Nielsen<br><br>Outras de similar dificultade. |

*- Lista aberta e orientativa. Pódese tocar calquera obra que sexa de igual ou maior nivel. En cada avaliación tocaranse obras de diferentes estilos.

**Criterios de avaliación:**

Interpretación en público de obras representativas do seu nivel de instrumento con seguridade e control da situación.

Demostrar capacidade crítica suficiente para abordar por si mesma de maneira satisfactoria o estudo de obras de estilo e dificultade semellantes ás do curso.

Amosar autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación.

**Mínimos esixibles segundo a metodoloxía:**

Interpretación de nove estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.

Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

**Mínimos esixibles segundo as capacidades:**

Adoptar unha correcta posición corporal co instrumento (espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans).

Inspirar diafragmáticamente de forma eficaz e silenciosa.

Conseguir un son estable en todo o rexistro da frauta cunha embocadura na que a tensión e relaxación muscular estén equilibradas.

Dominar as tonalidades de ata catro alteracións.

Mostrar un uso básico inicial do vibrato e os cambios de cor do son.

Usar con precisión os reflexos necesarios para correxir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

Amosar comprensión das estructuras musicais (motivos, temas, periodos…).

Aplicar as dinámicas forte, piano, crescendo e diminuendo.

Usar as articulacións: picado, ligado, detachè longo e curto.

Saber solucionar con certa autonomía cuestións relacionadas coa interpretación.

## TEMPORALIZACIÓN

### 1ª AVALIACIÓN

Interpretación dun repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel. Consolidación dos aspectos traballados en cursos anteriores.

Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

Control da correcta posición corporal co instrumento (espalda, pernas, cadeiras, cabeza, brazos e mans).

Control dunha correcta inspiración diafragmática e espiración.

### 2ª AVALIACIÓN

Estudo dos trinos e grupetos.

Memorización e interpretación de textos musicais.

Traballo de escalas e arpexios ata catro alteracións.

Traballo da escala cromática en toda a gama da frauta.

Comprensión e identificación de estructuras musicais en distintos niveis: motivos, temas, períodos, frases, seccións... para chegar a través disto a unha interpretación consciente ademais de intuitiva.

### 3ª AVALIACIÓN

Iniciación á práctica e aplicación do vibrato. Introdución aos cambios de cor do son.

Traballo de autonomía na búsqueda de solucións a cuestións relacionadas coa interpretación.

Exercicios, estudos e obras que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade técnica e musical do alumnado.

Preparación do repertorio da proba de acceso ao grao profesional.

## OS CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA TODO O GRAO ELEMENTAL SON OS SEGUINTES:

| **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN** | |
|---|---|
| TRABALLO SEMANAL.<br>Constancia no esforzo.<br>Traballo na aula.<br>Autocrítica constructiva e autonomía no estudo. | 50 % |
| INTERESE, COMPAÑEIRISMO E ACTITUDE POSITIVA. | 10 % |
| CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS PROPOSTOS. | 20 % |
| PARTICIPACIÓN NAS AUDICIÓNS. | 20 % |

## GRAO PROFESIONAL

A música é unha arte que, en medida parecida á arte dramática necesita esencialmente a presenza dunha persoa mediadora entre a creadora (compositora) e o público ao que vai destinado o produto artístico: esta persoa mediadora é a intérprete.

O pleno dominio dos problemas de execución que presenta o repertorio do instrumento é, dende logo, unha tarefa prioritaria para o intérprete, tarefa que, ademais absorbe un tempo considerable dentro do total de horas dedicadas á súa formación musical global. De todas maneiras, debe terse en conta que o traballo técnico representado por esas horas dedicadas á práctica intensiva do instrumento debe estar sempre indisolublemente unido na mente do intérprete á realidade musical á que se trata de dar saída, evitando constantemente o perigo de que o estudo quede reducido a unha mera exercitación ximnástica. Técnica e interpretación deben camiñar da man.

O traballo sobre o resto de materias, que para a instrumentista poden considerarse complementarias pero non por eso menos imprescindibles, conduce a unha comprensión plena da música como linguaxe, como medio de comunicación que, como tal, se articula e se constitúe a través dunha sintaxe, duns principios estruturais que, se ben poden ser aprendidos pola intérprete a través da vía intuitiva nas etapas iniciais da súa formación, non cobran todo o seu valor máis ca cando son plena e conscientemente asimilados e incorporados á bagaxe cultural e profesional da intérprete.

Todo o dito lévanos a considerar a formación da instrumentista como un frente interdisciplinar de considerable amplitude que require un largo proceso formativo no que xoguen un importantísimo papel, por unha parte, o cultivo temperán das facultades puramente físicas e psicomotrices e, por outra, a progresiva maduración persoal, emocional e cultural do futuro intérprete.

**Obxectivos xerais:**

O ensino de instrumentos de vento-madeira no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

Demostrar a sensibilidade auditiva neceseria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade axeitada a este nivel.

Demostrar unha autonomía cada vez maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.

Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista.

**Contidos xerais:**

Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles (velocidade no legato, nos distintos staccatos, na flexibilidade, etc).

Profundización no estudo do vibrato, de acordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.

Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, axeitándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao estudo nos tempos lentos.

Estudo do rexistro sobreagudo.

Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver ao máximo o sentido da harmonía, a afinación, o ritmo, etc.

Estudo do repertorio solista con orquestra de diferentes épocas correspondente a cada instrumento.

Iniciación á interpretación da música contemporánea.

Adestramento permanente ou progresivo da memoria.

Práctica da lectura a 1ª vista. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das diferentes versións.

# 1º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

**Obxectivos:**

Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións de diversa configuración, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Interpretación dun repertorio que incluirá obras de diferentes estilos e de dificultade axeitada a este nivel.

Coñecer as distintas convencións interpretativas vixentes nos distintos periodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseos, etc.

**Contidos:**

Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles (velocidade no legato, nos distintos staccatos, flexibilidade de embocadura , etc).

Desenvolvemento dunha máis ampla e controlada gama dinámica. Desenvolvemento e mellora da respiración diafragmática.

Estudo en profundidade do vibrato dacordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos. Mellora autónoma do fraseo.

Coñecemento dun repertorio cada vez máis amplo. Introdución á interpretación estilística.

**Metodoloxía:**

| Exercicios : | Obras: |
|---|---|
| **La sonòrité, art et technique** M.Moyse<br><br>**A técnica da embocadura** Ph. Bernold<br><br>**Teoría e práctica de la flauta (os 5 volumes)** T.Wye<br><br>**7 exercicios diarios para frauta** M.A. Reichert<br><br>**17 Exercicios diarios para frauta** Taffanel e Gaubert<br><br>**Estudios:**<br><br>**Selección de estudios vol.2** Bantai Kovacs<br><br>**Estudios op.33 vol. 1** Kohler<br><br>**100 Classical Studies** F. Vester<br><br>Outros de similar dificultade. | **Sonata (a elixir)** G.F.Haendel<br><br>**Sonata (a elixir)** M.Blavet<br><br>**Andante k.315, en Do M** W.A.Mozart<br><br>**Concierto en Sol M** G.B.Pergolesi<br><br>**Sonata en DoM** J.M. Leclair<br><br>**Historias para frauta e piano (selección)** J.Ibert<br><br>**Morceau de Concours** G.Fauré<br><br>**4 pezas fáciles** E.Bozza<br><br>**Sonata en Sol Mayor.** Finger<br><br>Outras de similar dificultade. |

*- Lista aberta e orientativa. Pódese tocar calquera obra que sexa de igual ou maior nivel. En cada avaliación tocaránse obras de diferentes estilos.

**Criterios de avaliación:**

Utilización do esforzo muscular e a respiración axeitadas ás esixencias da execución musical.

Interpretación satisfactoria de obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.

Interpretación de memoria de obras do repertorio solista dacordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.

A avaliación terá unha periodicidade trimestral e nela observarase a evolución dos obxectivos e contidos detallados anteriormente.

**Mínimos esixibles segundo a metodoloxía:**

Interpretación de nove estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.

Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

**Mínimos esixibles segundo capacidades:**

Amosar unha boa posición das mans e do corpo co instrumento.

Inspirar de forma eficaz e silenciosa.

Conseguir un son estable e homoxéneo dende o re grave ata o la da 3º oitava, en diferentes dinámicas.

Usar o vibrato e os cambios de cor do son.

Lograr unha boa calidade no legato e progresiva rapidez e resistencia da articulación sobre notas repetidas. Ampliación das articulacións (picado longo, marcado e stacatto).

Dominar dentro dunha velocidade moderada todas as tonalidades maiores e menores en dinámicas de p a f.

Coñecer e controlar os diferentes parámetros que sirven para correxir a afinación (ángulo de sopro, velocidade do aire, presión, apertura dos beizos…).

Amosar certa autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.

## TEMPORALIZACIÓN

### 1ª AVALIACIÓN

Coñecemento dun repertorio cada vez máis amplo. Introdución á interpretación estilística.

Desenvolvemento do fraseo.

**2ª AVALIACIÓN**

Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles (velocidade no legato, nos distintos *staccatos*, flexibilidade de embocadura, etc).

Desenvolvemento e mellora da respiración diafragmática.

**3ª AVALIACIÓN**

Desenvolvemento dunha máis ampla e controlada gama dinámica.

Estudo en profundidade do vibrato de acordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.

## 2º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

**Obxectivos:**

Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións de diversa configuración, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseos, etc.

Desenvolvemento e perfeccionamento dos coñecementos e habilidades adquiridos nos cursos anteriores.

Amosar unha maior flexibilidade de embocadura, maior velocidade de dedos e de articulacións aplicándoa nos estudos e nas obras .

Práctica do dobre picado.

**Contidos:**

Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, axeitándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

Ampliación do rango dinámico. Rapidez e automaticidade ao corrixir a afinación.

Perfeccionamento da técnica de respiración.

Estudo do rexistro sobreagudo en tódalas dinámicas.
Estudo do dobre picado.

Comprensión dos elementos importantes do ataque e conciencia dos diferentes modos de atacar en función do contexto musical (velocidade do aire, emprazamento da lingua, distancia e velocidade do ataque, dirección, apoio do aire…).

Coñecemento da interpretación clásica e barroca de acordo co nivel e aplicación deses conceptos en obras de xeito que aparezan en gran medida mecanizados e asimilados.

Adestramento permanente e progresivo da memoria.

Lectura a 1ª vista.

**Metodoloxía:**

| **Exercicios :** | **Obras:** |
|---|---|
| **La sonòrité, art et technique** M.Moyse<br><br>**A técnica da embocadura** Ph. Bernold<br><br>**Teoría e práctica de la flauta (os 5 volumes)** T.Wye<br>**7 exercicios diarios para frauta** M.A. Reichert<br><br>**17 Exercicios diarios para a frauta** Taffanel e Gaubert<br><br>**Estudos:**<br><br>**Estudios op.33 vol.2** Kohler<br><br>**100 Classical studes for flute** selección de Frans Vester<br><br>**25 Estudios célebres para flauta** Drouet<br><br>Outros de similar dificultade. | **Sonata (a elexir)** J.S.Bach<br><br>**Fantasía (a elexir)** G.P.Telemann<br><br>**Concerto** C.W.Gluck<br><br>**6 sonatas para frauta e cavecín kv 10-15 (unha a elegir)** W.A.Mozart<br><br>**Concierto para flauta y orquesta en SolM op.29** C.Stamiz<br><br>**Historias para flauta e piano** J.Ibert<br><br>**Vocalise** A.Copand<br><br>**Echo** P. Hindemith<br><br>**Canzone** S.Barber<br><br>Outras de similar dificultade. |

*- Lista aberta e orientativa. Pódese tocar calquera obra que sexa de igual ou maior nivel. En cada avaliación tocaranse obras de diferentes estilos.

**Criterios de avaliación:**

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

Interpretación satisfactoria en obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.

Interpretación de memoria de obras do repertorio solista dacordo cos criterios de estilo correspondentes de maneira satisfactoria.

A avaliación terá unha periodicidade trimestral e nela observarase a evolución dos obxectivos e contidos detallados anteriormente.

**Mínimos esixibles segundo a metodoloxía:**

Interpretación de nove estudos de calquera dos libros que figuran no apartado metodoloxía.

Interpretación de tres obras de diferentes estilos das que figuran no anterior apartado.

**Mínimos esixibles segundo as capacidades:**

Amosar unha boa posición das mans e do corpo co instrumento.

Conseguir unha boa calidade no legato.

Respirar de forma silenciosa e conseguir un maior desenvolvemento das capacidades respiratorias.

Coñecer e usar os diferentes elementos da produción do son: apoio, velocidade do aire, gorxa, boca, dirección do aire, ángulo de sopro…

Tocar relativamente forte e piano pero afinado.

Amosar unha ampla gama de articulacións incluíndo un bo uso do dobre picado.

Amosar a capacidade de adoptar diferentes recursos técnicos na interpretación, así como a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Aplicar de xeito consciente e coherente o vibrato.

**TEMPORALIZACIÓN**

## 1ª AVALIACIÓN

Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, axeitándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

Coñecemento da interpretación clásica e barroca dacordo co nivel e aplicación deses conceptos en obras de xeito que aparezan en gran medida mecanizados e asimilados.

Perfeccionamento da técnica de respiración.

## 2ª AVALIACIÓN

Ampliación do rango dinámico. Rapidez e automaticidade ao correxir a afinación.

Coñecemento da interpretación clásica e barroca dacordo co nivel e aplicación deses conceptos en obras de xeito que aparezan en gran medida mecanizados e asimilados.

## 3ª AVALIACIÓN

Estudo do rexistro sobreagudo en tódalas dinámicas.

Estudo do dobre picado.

Adestramento permanente e progresivo da memoria.

Lectura a 1ª vista.

# 3º CURSO DO GRAO PROFESIONAL

**Obxectivos:**

Perfeccionamiento dos coñecementos e habilidades adquiridas nos cursos anteriores.

Demostrar a sensibilidade auditiva e capacidade crítica para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade axeitada a este nivel.

Amosar unha maior autonomía para resolver cuestións relacionadas coa interpretación.

**Contidos:**

Consolidación dos aspectos traballados nos cursos anteriores (respiración, son, articulación, matices, afinación, regularidade de dedos…)

Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, axeitándoos aos diferentes estilos.

Interpretación de tres obras de estilos diferentes adaptadas ao nivel.

Dominio do legato en grandes intervalos e control do uso do apoio do diafragma para os diferentes tipos de articulacións e segundo o fraseo.

